



**XUNTA DE GOBERNO**

**SESIÓN ORDINARIA DE VINTE E SEIS DE ABRIL DE DOUS MIL DEZANOVE**

**(ACTA NÚMERO 20)**

**Presidente:**

D. Darío Campos Conde

**Sres. Deputados:**

D. Argelio Fernández Queipo

D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup>. del Pilar García Porto

D. Eduardo Vidal Baamonde

D<sup>a</sup>. Sonsoles López Izquierdo

**Secretaria:**

D<sup>a</sup>. María Esther Álvarez Martínez

**Interventora:**

D<sup>a</sup>. Rosa Abelleira Fernández

No Salón de Comisi3ns do Pazo Provincial, sendo as trece horas do d3a **vinte e seis de abril de dous mil dezanove**, baixo a baixo a Presidencia do titular do cargo, Ilmo. Sr. D. Dar3o Campos Conde, re3nense os Sres. Deputados 3 marxe relacionados, co obxecto de celebrar, en segunda convocatoria, sesi3n ordinaria convocada para o efecto, para tratar os asuntos incluídos na Orde do D3a regulamentariamente remitida, en virtude das facultades delegadas que lle confire 3 Xunta o artigo 59 do vixente Regulamento Org3nico desta Corporaci3n.

Actúa de Secretaria D<sup>a</sup>. María Esther Álvarez Martínez, e asiste a Interventora D<sup>a</sup>. Rosa Abelleira Fernández.

Non asisten os Sres. Deputados D. Pablo Rivera Capón, D. Álvaro Santos Ramos, D. Lino Rodríguez Ónega e D<sup>a</sup>. Mayra García Bermúdez.

**1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA CON DATA DE DEZASETE DE ABRIL DE DOUS MIL DEZANOVE E DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O DÍA VINTE E DOUS DE ABRIL DE DOUS MIL DEZANOVE.**

Por parte do Sr. Presidente pregúntase aos Sres. Deputados, membros da Xunta de Goberno, se teñen que formular algunha observación á acta da sesión extraordinaria celebrada o día dezasete de abril e da sesión ordinaria celebrada o vinte e dous de abril de dous mil dezanove, que foron distribuídas entre os mesmos; e ao non presentarse ningunha enmenda, foron aprobadas por unanimidade dos asistentes.

**2.- PROPOSTA EN RELACIÓN CO EXPEDIENTE TRAMITADO PARA A ADXUDICACIÓN DA OBRA DE: BALEIRA.- REHABILITACIÓN DE FIRME LU- P- 0403 “POLÍGONO INDUSTRIAL (LU-530)- REGO DE PEREIRA- QUINTÁ (LU-710)”, P.K. 0+925- 4+000.**

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento no que, entre outros, se conteñen os seguintes extremos:

“(…)



“Informe do Servizo de contratación e fomento en relación co expediente tramitado para a adxudicación da obra: BALEIRA.- Rehabilitación de firme LU-P-0403 “Polígono Industrial (LU-530)– Rego de Pereira – Quintá (LU-710)”, P.K. 0+925 – 4+000.

Por acordo da Xunta de Goberno de data 25 de xaneiro de 2019, aprobouse o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, proxecto técnico, expediente de contratación e procedemento de adxudicación con un orzamento de licitación de 143.380,00 €, dos cales 24.884,13 son de IVE, correspondente á obra: BALEIRA.- Rehabilitación de firme LU-P-0403 “Polígono Industrial (LU-530) – Rego de Pereira – Quintá (LU-710)”, P.K. 0+925 – 4+000.

Por anuncio publicado na plataforma de Contratación do Sector Público o 1 de febreiro de 2019, abriuse prazo de 26 días naturais para a recepción de documentación e ofertas para a contratación da obra por procedemento aberto mediante tramitación ordinaria.

En reunión celebrada pola Mesa de contratación con data 11 de marzo de 2019 deuse conta das empresas presentadas, así como as datas na que presentaron as ofertas, á contratación da obra identificada como BALEIRA.- Rehabilitación de firme LU-P-0403 “Polígono Industrial (LU-530)- Rego de Pereira – Quintá (LU-710)”, P.K. 0+925 – 4+000, segundo anuncio publicado na plataforma de Contratación do Sector Público o 1 de febreiro de 2019 e de acordo coa información reportada pola plataforma de Contratación do Sector Público. A mesa acordou, por unanimidade, admitir inicialmente ás empresas presentadas.

De seguido procedeuse á apertura e exame do arquivo dixital “1” e exame da documentación administrativa presentada polas empresas admitidas á licitación correspondente á obra citada, e non observándose deficiencias na mesma, acordase por unanimidade aceptalas a todas.

A continuación, de orde da Presidencia, procedeuse á apertura do arquivo dixital “2”, contendo as proposicións para a licitación, co seguinte resultado:

BALEIRA.- REHABILITACIÓN DE FIRME LU-P-0403 “POLÍGONO INDUSTRIAL (LU-530) – REGO DE PEREIRA – QUINTÁ (LU-710)”, P.K. 0+925 – 4+000

ORZAMENTO BASE LICITACIÓN (IVE incluído)

143.380,00

VALOR ESTIMADO

118.495,87

24.884,13

IVE

CLASIFICACION EXIGIDA:

NO

PRAZO DE EXECUCION:

6

MAXIMO

5.924,79

EMPRESAS / (GRUPO)			PRECIO (95)	P. DIVULGACIÓN (5)	CRITERIO DESEMPATE
			PREZO (IVE incluído .- art 102 )	Oferta ( sen IVE) (MAX. 5% S/ V. Estimado	Plantel / Discapitados
1	ACOVAL SA		132.196,36 €	0,00 €	40/1
2	ARIAS INFRAESTRUCTURAS SA		126.534,96 €	6.000,00 €	118/2
3	CANTERAS ISIDRO OTERO SL		123.822,97 €	200,00 €	9/0
4	CONSTRUCCIONES LEONARDO MIGUÉLEZ SL	A	117.355,48 €	0,00 €	45/1
5	DESARROLLOS Y METAS SL		119.911,00 €	10,00 €	23/0
6	EXCAVACIONES SANTIÑOS SL	A	124.524,73 €	5.900,00 €	6/0
7	EXPLOTACIONES GALLEGAS SL	B	114.340,00 €	1.185,00 €	12/0
8	FRANCISCO GÓMEZ Y CÍA SL	B	111.354,00 €	591,00 €	190/3
9	GRUPO BASCUAS 2008 SL		125.263,94 €	788,00 €	85/1
10	HORDESCÓN SL		126.403,81 €	514,88 €	18/0
11	OVISA PAVIMENTOS Y OBRAS SLU	C	111.380,50 €	2.370,00 €	36/1
12	PROBISA VÍAS Y OBRAS SLU	C	116.099,50 €	5.925,00 €	191/4
13	VAZPER 3 SL		127.608,00 €	826,45 €	23/1

As mercantís ARIAS INFRAESTRUCTURAS SA e PROBISA VÍAS Y OBRAS SLU, ofertan unha contía de programa de divulgación superior ao que se establece como máximo a valorar no PCAP, polo que soamente se puntuará o límite establecido no PCAP, inda que de ser adjudicatario, deberá cumprir coa cantidade ofertada.

De seguido procedeuse, mediante aplicación informática Excel (folla de cálculo), á comprobación de si algunha oferta puidera considerarse desproporcionada ou anormalmente baixa consonte cos criterios establecidos no artigo 85 do RXLCAP, e de acordo co establecido no artigo 149 LCSP, co seguinte resultado:



EMPRESAS			OFERTA
			Oferta
1	ACOVAL SA		132.196,36 €
2	ARIAS INFRAESTRUCTURAS SA		126.534,96 €
3	CANTERAS ISIDRO OTERO SL		123.822,97 €
4	CONSTRUCCIONES LEONARDO MIGUÉLEZ SL	A	117.355,48 €
5	DESARROLLOS Y METAS SL		119.911,00 €
6	EXCAVACIONES SANTIÑOS SL	A	124.524,73 €
7	EXPLOTACIONES GALLEGAS SL	B	114.340,00 €
8	FRANCISCO GÓMEZ Y CÍA SL	B	111.354,00 €
9	GRUPO BASCUAS 2008 SL		125.263,94 €
10	HORDESCÓN SL		126.403,81 €
11	OVISA PAVIMENTOS Y OBRAS SLU	C	111.380,50 €
12	PROBISA VÍAS Y OBRAS SLU	C	116.099,50 €
13	VAZPER 3 SL		127.608,00 €

  

MEDIA
122.183,10

  

BAIXA DESPROPORCIONADA
109.964,79

  

10% ARRIBA
134.401,41

  

Non se teñen en conta a efectos de cálculo de baixa desproporcionada por pertenza con outra empresa a un mesmo grupo:
EXCAVACIONES SANTIÑOS SL
EXPLOTACIONES GALLEGAS SL
PROBISA VÍAS Y OBRAS SLU

A vista do anterior, observándose que ningunha das ofertas incorre en baixa desproporcionada ou anormalmente baixa, procedéndose á valoración das ofertas mediante aplicación informática Excel (folla de cálculo), das fórmulas matemáticas establecidas na cláusula 12 do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares reitor da execución da obra. Unha vez feita a valoración, obtívose o seguinte resultado:

EMPRESAS / (GRUPO)		PRECIO (95)		P. DIVULGACIÓN (5)		TOTAL
		Oferta	Ptos	Oferta (máximo 5% v. estimado)	Ptos	PUNTOS
1	ACOVAL SA	132.196,36 €	33,17	0,00 €	0,00	33,17
2	ARIAS INFRAESTRUCTURAS SA	126.534,96 €	49,97	6.000,00 €	5,00	54,97
3	CANTERAS ISIDRO OTERO SL	123.822,97 €	58,01	200,00 €	0,17	58,18
4	CONSTRUCCIONES LEONARDO MIGUÉLEZ SL	A 117.355,48 €	77,20	0,00 €	0,00	77,20
5	DESARROLLOS Y METAS SL	119.911,00 €	69,62	10,00 €	0,01	69,63
6	EXCAVACIONES SANTIÑOS SL	A 124.524,73 €	55,93	5.900,00 €	4,98	60,91
7	EXPLOTACIONES GALLEGAS SL	B 114.340,00 €	86,14	1.185,00 €	1,00	87,14
8	FRANCISCO GÓMEZ Y CÍA SL	B 111.354,00 €	95,00	591,00 €	0,50	95,50
9	GRUPO BASCUAS 2008 SL	125.263,94 €	53,74	788,00 €	0,67	54,41
10	HORDESCÓN SL	126.403,81 €	50,36	514,88 €	0,43	50,79
11	OVISA PAVIMENTOS Y OBRAS SLU	C 111.380,50 €	94,92	2.370,00 €	2,00	96,92
12	PROBISA VÍAS Y OBRAS SLU	C 116.099,50 €	80,92	5.925,00 €	5,00	85,92
13	VAZPER 3 SL	127.608,00 €	46,79	826,45 €	0,70	47,49

Por canto antecede, a Mesa, por unanimidade, acordou elevar ao órgano de contratación as Actas e demais documentación para que, de acordo co establecido no artigo 150 da LCSP proceda á clasificación por orde decrecente das propostas e requira ao licitador que presentara a oferta máis vantaxosa para que dentro do prazo de 10 días hábiles presente a documentación establecida na cláusula 17 do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares reitor da contratación da obra.

Tendo en conta o acordado pola Mesa de Contratación, pola Presidencia, en data 21 de marzo de 2019 adoptouse a seguinte Resolución:

“(…)

Clasificar, por orde decrecente, as propostas presentadas e non declaradas desproporcionadas ou anormalmente baixas, de acordo co establecido no artigo 150 da LCSP, co seguinte resultado:

EMPRESAS / (GRUPO)			TOTAL
			PUNTOS
1	OVISA PAVIMENTOS Y OBRAS SLU	C	96,92
2	FRANCISCO GÓMEZ Y CÍA SL	B	95,50
3	EXPLOTACIONES GALLEGAS SL	B	87,14
4	PROBISA VÍAS Y OBRAS SLU	C	85,92
5	CONSTRUCCIONES LEONARDO MIGUÉLEZ SL	A	77,20
6	DESARROLLOS Y METAS SL		69,63
7	EXCAVACIONES SANTIÑOS SL	A	60,91
8	CANTERAS ISIDRO OTERO SL		58,18
9	ARIAS INFRAESTRUCTURAS SA		54,97
10	GRUPO BASCUAS 2008 SL		54,41
11	HORDESCÓN SL		50,79
12	VAZPER 3 SL		47,49
13	ACOVAL SA		33,17

Requirir ao contratista OVISA PAVIMENTOS Y OBRAS SLU por ser a oferta máis vantaxosa, para que, no prazo de 10 días hábiles, presente a documentación establecida na Cláusula 17 do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares polo que se rexe a contratación destas obras.



Por escrito con data 28 de marzo de 2019 (achegado por correo electrónico, con confirmación de lectura do 2-04-2019, foi requirida a mercantil OVISA PAVIMENTOS Y OBRAS SLU, para que presentase a documentación establecida na cláusula 17 do Prego e a garantía definitiva por importe de 4.602,50 euros, concedéndolle a tal efecto, un prazo de 10 días hábiles.

A mercantil OVISA PAVIMENTOS Y OBRAS SLU achegou a través de escrito de data 12 de abril de 2019 a indicada documentación.

En consecuencia e segundo o establecido no Prego de CAP polo que se rexe a contratación da obra, e unha vez emitido informe de fiscalización favorable polo Servizo de Intervención procede, a xuízo do que subscribe, que de acordo co establecido no art. 150 da LCSP polo Órgano de Contratación se adopte o seguinte acordo:

Adxudicar a execución da obra BALEIRA.- Rehabilitación de firme LU-P-0403 “Polígono Industrial (LU-530) – Rego de Pereira – Quintá (LU-710)”, P.K. 0+925 – 4+000, conforme ao proxecto técnico aprobado pola Xunta de Goberno en data 25 de xaneiro de 2019, á mercantil OVISA PAVIMENTOS Y OBRAS SLU, representada por D. Juan Sanmartín Ferreiro, no prezo de 111.380,50 € dos cales 19.330,50 € son de IVE; e un programa de divulgación e posta en valor das obras executadas por importe de 2.370,00 € e mais 497,70 € de IVE e un prazo de execución de 6 meses.

O adxudicatario cumprirá as determinacións do PCAP e do PPT e as derivadas da súa oferta, incluída no expediente. Son condicións especiais de execución, ás que se lle atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do artigo 211.f da LCSP, e polo tanto terán esta condición as seguintes: o importe adicado ao programa de divulgación e posta en valor das obras executadas, de acordo co establecido na cláusula 22.3 do PCAP.

Constitúe condición esencial de execución, nos termos do artigo 216 da LCSP, o pagamento aos subcontratistas nos termos da cláusula 22.2 do PCAP

Requirir o adxudicatario para a formalización do contrato en documento administrativo de acordo co establecido no art. 153 da LCSP.

Determinar que no caso de ser necesaria licenza ou autorizacións para a execución da obra deberán de proveerse da mesma antes da iniciación da mesma.

Esta Presidencia, a vista do expediente tramitado e unha vez fiscalizado o gasto pola Intervención, propón á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

**1º.-** Adxudicar a execución da obra BALEIRA.- Rehabilitación de firme LU-P-0403 “Polígono Industrial (LU-530) – Rego de Pereira– Quintá (LU-710)”, P.K. 0+925 – 4+000 , conforme ao proxecto técnico aprobado pola Xunta de Goberno en data 25 de xaneiro de 2019, á mercantil OVISA PAVIMENTOS Y OBRAS SLU, representada por D. Juan Sanmartín Ferreiro, no prezo de 111.380,50 € dos cales 19.330,50 € son de IVE; e un programa de divulgación e posta en valor das obras executadas por importe de 2.370,00 € e mais 497,70 € de IVE e un prazo de execución de 6 meses.

O adxudicatario cumprirá as determinacións do PCAP e do PPT e as derivadas da súa oferta, incluída no expediente. Son condicións especiais de execución, ás que se lle atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do artigo 211.f da LCSP, e polo tanto terán esta condición as seguintes: o importe adicado ao programa de divulgación e posta en valor das obras executadas, de acordo co establecido na cláusula 22.3 do PCAP.

Constitúe condición esencial de execución, nos termos do artigo 216 da LCSP, o pagamento aos subcontratistas nos termos da cláusula 22.2 do PCAP.

**2º.-** Requirit o adxudicatario para a formalización do contrato en documento administrativo de acordo co establecido no art. 153 da LCSP.

**3º.-** Facultar á Presidencia para asinar o documento administrativo contractual.

**4º.-** Determinar que no caso de ser necesaria licenza ou autorizacións para a execución da obra deberán de proveerse da mesma antes da iniciación da mesma”.





A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**3.- PROPOSTA EN RELACIÓN CO EXPEDIENTE TRAMITADO PARA A ADXUDICACIÓN DA OBRA DE RIOTORTO.- REHABILITACIÓN DE FIRME LU-P-2801 “SANTO TOMÉ (LU-122)- AUGAXOSA- MAZO (LU-124)”, P.K. 8+260- 10+240.**

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento no que, entre outros, se conteñen os seguintes extremos:

“(…)

“Informe do servizo de contratación e fomento en relación co expediente tramitado para a adxudicación da obra: RIOTORTO.- Rehabilitación de firme LU-P-2801 “Santo Tomé (LU-122)- Augaxosa– Mazo (LU-124)”, P.K. 8+260 – 10+240.

Por acordo da Xunta de Goberno de data 25 de xaneiro de 2019, aprobouse o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, proxecto técnico, expediente de contratación e procedemento de adxudicación con un orzamento de licitación de 139.756,00 €, dos cales 24.255,17 son de IVE, correspondente á obra: RIOTORTO.- Rehabilitación de firme LU-P-2801 “Santo Tomé (LU-122)- Augaxosa – Mazo (LU-124)”, P.K. 8+260 – 10+240.

Por anuncio publicado na plataforma de Contratación do Sector Público o 24 de xaneiro de 2019, abriuse prazo de 26 días naturais para a recepción de documentación e ofertas para a contratación da obra por procedemento aberto mediante tramitación ordinaria.

En reunión celebrada pola Mesa de contratación con data 11 de marzo de 2019 deuse conta das empresas presentadas, así como as datas na que presentaron as ofertas, á contratación da obra identificada como RIOTORTO.- Rehabilitación de firme LU-P-2801 “Santo Tomé (LU-122)- Augaxosa – Mazo (LU-124)”, P.K. 8+260 – 10+240, segundo anuncio publicado na plataforma de

Contratación do Sector Público o 1 de febreiro de 2019 e de acordo coa información reportada pola plataforma de Contratación do Sector Público. A mesa acordou, por unanimidade, admitir inicialmente ás empresas presentadas.

RIORTORTO.- REHABILITACIÓN DE FIRME LU-P-2801 “SANTO TOMÉ (LU-122)- AUGAXOSA – MAZO (LU-124)”, P.K. 8+260 – 10+240

ORZAMENTO BASE LICITACIÓN (IVE incluído)	139.756,00		DE IVE (partida independente)	MELLORAS			
VALOR ESTIMADO	115.500,83	24.255,17		IMP. SIN IVE	36,80	IMP CON IVE	52,99
CLASIFICACION EXIGIDA:	NO			IMP. GX e BI	43,79		
PRAZO DE EXECUCION:	6			MAXIMO 5.775,04			

EMPRESAS / (GRUPO)	(A) PRECIO (75)	(B) MELLORAS (20)		(C) P. DIVULGACIÓN (5)	CRITERIO DESEMPATE	% BAIXA		TOTAL CUSTE OFERTA (para calcular baixa desproporcionada) (A-B)					
						PREZO ( IVE incluído - art 102 )	Oferta (m pavimentar e sinalizar)		€/M // CUSTE (€) menos % baixa 52,99	Oferta ( sen IVE) (MAX. 5% S/ V. Estimado)	Plantel / Discapacitados	%	%
												%	%
1 ARIAS INFRAESTRUCTURAS SA	118.474,97 €	200,00	8.983,92	6.000,00 €	118/2	84,77%	15,23%	109.491,05 €					
2 CANTERAS ISIDRO OTERO SL	108.268,97 €	32,00	1.313,64	200,00 €	9/0	77,47%	22,53%	106.955,33 €					
3 DESARROLLOS Y METAS SL	119.185,00 €	40,00	1.807,59	0,00 €	23/0	85,28%	14,72%	117.377,41 €					
4 EXPLOTACIONES GALLEGAS SL	A 118.324,00 €	63,30	2.839,72	415,70 €	12/0	84,66%	15,34%	115.484,28 €					
5 FRANCISCO GÓMEZ Y CÍA SL	A 114.345,00 €	0,00	0,00	415,70 €	190/3	81,82%	18,18%	114.345,00 €					
6 GRUPO BASCUAS 2008 SL	121.622,67 €	91,00	4.196,66	999,08 €	85/1	87,03%	12,97%	117.426,01 €					
7 HORDESCÓN SL	122.691,80 €	10,00	465,20	466,12 €	18/0	87,79%	12,21%	122.226,60 €					

De seguido procedeuse á apertura e exame do arquivo dixital “1” e exame da documentación administrativa presentada polas empresas admitidas á licitación correspondente á obra citada, e non observándose deficiencias na mesma, acordase por unanimidade aceptalas a todas.

A continuación, de orde da Presidencia, procedeuse á apertura do arquivo dixital “2”, contendo as proposicións para a licitación, co seguinte resultado:

A mercantil ARIAS INFRAESTRUCTURAS SA, oferta unha contía de programa de divulgación superior ao que se establece como máximo a valorar no PCAP, polo que soamente se



puntuará o límite establecido no PCAP, inda que de ser adxudicatario, deberá cumprir coa cantidade ofertada.

De seguido procedeuse, mediante aplicación informática Excel (folla de cálculo), á comprobación de si algunha oferta puidera considerarse desproporcionada ou anormalmente baixa consonte cos criterios establecidos no artigo 85 do RXLCAP, e de acordo co establecido no artigo 149 LCSP, co seguinte resultado:

EMPRESAS		OFERTA (A-B)
		Oferta
1	ARIAS INFRAESTRUCTURAS SA	109.491,05 €
2	CANTERAS ISIDRO OTERO SL	106.955,33 €
3	DESARROLLOS Y METAS SL	117.377,41 €
4	EXPLOTACIONES GALLEGAS SL	A 115.484,28 €
5	FRANCISCO GÓMEZ Y CÍA SL	A 114.345,00 €
6	GRUPO BASCUAS 2008 SL	117.426,01 €
7	HORDESCÓN SL	122.226,60 €

MEDIA  
114.636,90

BAIXA DESPROPORCIONADA  
103.173,21

10% ARRIBA  
126.100,59

Non se teñen en conta a efectos de cálculo de baixa desproporcionada por pertenza con outra empresa a un mesmo grupo:  
EXPLOTACIONES GALLEGAS SL

A vista do anterior, observándose que ningunha das ofertas incorre en baixa desproporcionada ou anormalmente baixa, procedéndose á valoración das ofertas mediante aplicación informática Excel (folla de cálculo), das fórmulas matemáticas establecidas na cláusula 12 do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares reitor da execución da obra. Unha vez feita a valoración, obtívose o seguinte resultado:

EMPRESAS / (GRUPO)	PRECIO (75)		MELLORAS (20)		P. DIVULGACIÓN (5)		TOTAL
	Oferta	Ptos	Oferta (m pavimentar e sinalizar)	Ptos	Oferta (máximo 5% v. estimado)	Ptos	PUNTOS
1 ARIAS INFRAESTRUCTURAS SA	118.474,97 €	50,69	200,00	20,00	6.000,00 €	5,00	75,69
2 CANTERAS ISIDRO OTERO SL	108.268,97 €	75,00	32,00	3,20	200,00 €	0,17	78,37
3 DESARROLLOS Y METAS SL	119.185,00 €	49,00	40,00	4,00	0,00 €	0,00	53,00
4 EXPLOTACIONES GALLEGAS SL	A 118.324,00 €	51,05	63,30	6,33	415,70 €	0,36	57,74
5 FRANCISCO GÓMEZ Y CÍA SL	A 114.345,00 €	60,53	0,00	0,00	415,70 €	0,36	60,89
6 GRUPO BASCUAS 2008 SL	121.622,67 €	43,19	91,00	9,10	999,08 €	0,86	53,15
7 HORDESCÓN SL	122.691,80 €	40,65	10,00	1,00	466,12 €	0,40	42,05

Polo que antecede, a Mesa, por unanimidade, acordou elevar ao órgano de contratación as Actas e demais documentación para que, de acordo co establecido no artigo 150 da LCSP proceda á clasificación, por orde decrecente, das propostas e requirir ao licitador que presentara a oferta máis vantaxosa para que dentro do prazo de 10 días hábiles presente a documentación establecida na cláusula 17 do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares reitor da contratación da obra.

Tendo en conta o acordado pola Mesa de Contratación, pola Presidencia, en data 25 de marzo de 2019 adoptouse a seguinte Resolución:

“(…)

Clasificar, por orde decrecente, as propostas presentadas e non declaradas desproporcionadas ou anormalmente baixas, de acordo co establecido no artigo 150 da LCSP, co seguinte resultado:

EMPRESAS / (GRUPO)			TOTAL
			PUNTOS
1	CANTERAS ISIDRO OTERO SL		78,37
2	ARIAS INFRAESTRUCTURAS SA		75,69
3	FRANCISCO GÓMEZ Y CÍA SL	A	60,89
4	EXPLOTACIONES GALLEGAS SL	A	57,74
5	GRUPO BASCUAS 2008 SL		53,15
6	DESARROLLOS Y METAS SL		53,00
7	HORDESCÓN SL		42,05

Requirir ao contratista CANTERAS ISIDRO OTERO SL por ser a oferta máis vantaxosa, para que, no prazo de 10 días hábiles, presente a documentación establecida na Cláusula 17 do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares polo que se rexe a contratación destas obras.

Por escrito de data 29 de marzo de 2019 (achegado por correo electrónico, con confirmación de lectura do 1-04-2019, foi requirida a mercantil CANTERAS ISIDRO OTERO SL, para que presentase a documentación establecida na cláusula 17 do Prego e a garantía definitiva por importe de 4.473,92 euros, concedéndolle a tal efecto, un prazo de 10 días hábiles.



A mercantil CANTERAS ISIDRO OTERO, achegou a través de escrito de data 12 de abril de 2019 a indicada documentación.

En consecuencia e segundo o establecido no Prego de CAP polo que se rexe a contratación da obra, e unha vez emitido informe de fiscalización favorable polo Servizo de Intervención procede, a xuízo do que subscribe, que de acordo co establecido no art. 150 da LCSP polo Órgano de Contratación se adopte o seguinte acordo:

Adxudicar a execución da obra RIOTORTO.- Rehabilitación de firme LU-P- 2801 Santo Tome (LU-122)- Augaxosa- Mazo (LU-124), P.K. 8+260-10+240 conforme ao proxecto técnico aprobado pola Xunta de Goberno en data 26 de xaneiro de 2019, á mercantil CANTERAS ISIDRO OTERO SL, representada por D. Isidro Otero Bello, no prezo de 108.268,97 € dos cales 18.790,48 € son de IVE; unha mellora de obra consistente en 32 metros de lonxitude a pavimentar e sinalizar horizontalmente, coas características definidas na cláusula 12.2 do prego de CAP; e un programa de divulgación e posta en valor das obras executadas por importe de 200,00 € e mais 42,00 € de IVE e un prazo de execución de 6 meses.

O adxudicatario cumprirá as determinacións do PCAP e do PPT e as derivadas da súa oferta, incluída no expediente. Son condicións especiais de execución, ás que se lle atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do artigo 211.f da LCSP, e polo tanto terán esta condición, as seguintes: o importe adicado ao programa de divulgación e posta en valor das obras executadas así como as melloras ofertadas, de acordo co establecido na cláusula 22.3 do PCAP.

Constitúe condición esencial de execución, nos termos do artigo 216 da LCSP, o pagamento aos subcontratistas nos termos da cláusula 22.2 do PCAP

Requirir o adxudicatario para a formalización do contrato en documento administrativo de acordo co establecido no art. 153 da LCSP.

Determinar que no caso de ser necesaria licenza ou autorizacións para a execución da obra deberán de proveerse da mesma antes da iniciación da mesma.

Esta Presidencia, a vista do expediente tramitado e unha vez fiscalizado o gasto pola Intervención, propón á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

**1º.-** Adxudicar a execución da obra RIOTORTO.- Rehabilitación de firme LU-P- 2801 Santo Tomé (LU-122)- Augaxosa- Mazo (LU-124), P.K. 8+260-10+240 conforme ao proxecto técnico aprobado pola Xunta de Goberno en data 26 de xaneiro de 2019, á mercantil CANTERAS ISIDRO OTERO SL, representada por D. Isidro Otero Bello, no prezo de 108.268,97 € dos cales 18.790,48 € son de IVE; unha mellora de obra consistente en 32 metros de lonxitude a pavimentar e sinalizar horizontalmente, coas características definidas na cláusula 12.2 do prego de CAP ; e un programa de divulgación e posta en valor das obras executadas por importe de 200,00 € e mais 42,00 € de IVE e un prazo de execución de 6 meses.

O adxudicatario cumprirá as determinacións do PCAP e do PPT e as derivadas da súa oferta, incluída no expediente. Son condicións especiais de execución, ás que se lle atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do artigo 211.f da LCSP, e polo tanto terán esta condición, as seguintes: o importe adicado ao programa de divulgación e posta en valor das obras executadas así como as melloras ofertadas, de acordo co establecido na cláusula 22.3 do PCAP.

Constitúe condición esencial de execución, nos termos do artigo 216 da LCSP, o pagamento aos subcontratistas nos termos da cláusula 22.2 do PCAP

**2º.-** Requirir o adxudicatario para a formalización do contrato en documento administrativo de acordo co establecido no art. 153 da LCSP.

**3º.-** Facultar á Presidencia para asinar o documento administrativo contractual.

**4º.-** Determinar que no caso de ser necesaria licenza ou autorizacións para a execución da obra deberán de proveerse da mesma antes da iniciación da mesma”.



A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**4.- PROPOSTA EN RELACIÓN CO EXPEDIENTE TRAMITADO PARA A APROBACIÓN DO PROXECTO E CONTRATACIÓN DA OBRA DE: LOURENZÁ.- MELLORA E ACONDICIONAMENTO DE VÍAS MUNICIPAIS: DE TRAVESÍA DA MARIÑA- AVDA. MONDOÑEDO, AVDA. CALVO SOTELO, RÚA SECRETARIO LUÍS IGLESIAS- CARLOS PEREGRÍN OTERO, MADERNE E VEIGA DE SANTO ADRAO.**

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe do Xefe do Servizo de Contratación e Fomento desta Deputación, relativo á contratación das obras mencionadas, que dispón o seguinte:

“Antecedentes

Bases do Plan único 2018 a aprobación do plan único 2018, aprobada polo Pleno da Deputación en sesións de data 27 de febreiro de 2018 e 29 de maio de 2018, respectivamente.

Solicitud de do Concello de Lourenzá, de data 29 de xuño de 2018, para que, de acordo co establecido na base 18, apartado 5 das amentadas bases do plan, que indica “... os concellos, de non contar cos medios técnicos suficientes, e dicir que a contratación das obras se realice polos Servizos desta Deputación, deberá solicitarse e remitir a esta Deputación antes do día 1 de xullo de 2018 ...”, sexa a Deputación quen contrate a obra indicada.

Escrito do Concello de Lourenzá relativo á sinatura dun convenio para que a tramitación da adxudicación sexa realizada pola Deputación de Lugo e a formalización do contrato coa empresa e o pago das correspondentes facturas e certificacións sexa executada polo Concello de Lourenzá.

Convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Lourenzá, asinado o 09 de abril de 2019 e aprobado pola Xunta de Goberno en data 05 de abril de 2019, relativo á licitación e execución da obra indicada.

Proxecto técnico relativo ao procedemento de contratación das obras identificadas como: LOURENZÁ.- Mellora e acondicionamento de vías municipais: De Travesía da Mariña-Avda. Mondoñedo, Avda. Calvo Sotelo, Rúa Secretario Luís Iglesias- Carlos Peregrín Otero, Maderne e Veiga de Santo Adrao, redactado pola Arquitecta Municipal do Concello de Lourenzá, Dona Marta Sánchez Seivane.

Documento xustificativo da necesidade da contratación, aportada polo concello de Lourenzá.

Informe favorable de supervisión do proxecto de data 26 de novembro de 2018.

Orde de inicio de procedemento de contratación, emitida pola Presidencia da Deputación de Lugo.

Solicitud de consignación orzamentaria á Intervención Provincial.

Prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá na contratación das obras de referencia elaborados polo Servizo de Contratación da Excma. Deputación Provincial de Lugo.

Informe de necesidades de recursos humanos e materiais adscritos a execución da obra, achegado polo Concello de Lourenzá.

Memoria xustificativa

Incorpóranse ao expediente autorizacións sectoriais achegadas dende o Concello de Lourenzá.

Lexislación aplicable





Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspón ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante LCSP).

Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RXLCAP).

Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases do réxime local (LRBRL).

Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).

Real Decreto 773/2015, do 28 de agosto, polo que se modifican determinados preceptos do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado polo Real Decreto 1098/2001, do 12 de outubro.

Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenrola parcialmente a Lei 30/2007 de outubro, de Contratos do Sector Público.

Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALG).

Lei 31/1995, de prevención de riscos laborais (LPRL) e os seus regulamentos.

Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa (LXCA).

Lei 14/2013, de 27 de setembro, de apoio aos emprendedores e súa internacionalización.

Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (LRXPAC), ata que, de acordo co establecido na disposición

derradeira sétima da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, produzan efectos as previsións relativas ao rexistro electrónico de apoderamentos, rexistro electrónico, punto de acceso xeral electrónico da Administración e arquivo único electrónico, no relativo ás materias mencionadas.

Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos, ata que, de acordo co establecido na disposición derradeira sétima da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, produzan efectos as previsións relativas ao rexistro electrónico de apoderamentos, rexistro electrónico, punto de acceso xeral electrónico da Administración e arquivo único electrónico, no relativo ás materias mencionadas.

Os artigos 2.3, 10, 13, 14, 15, 16, 26, 27, 28, 29.1.a), 29.1.d), 31, 32, 33, 35, 36, 39, 48, 50, os números 1, 2 e 4 da disposición adicional primeira, a disposición adicional terceira, a disposición transitoria primeira, a disposición transitoria segunda, a disposición transitoria terceira e a disposición transitoria cuarta do Real decreto 1671/2009, do 6 de novembro, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos ata que, de acordo co establecido na disposición derradeira sétima da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, produzan efectos as previsións relativas ao rexistro electrónico de apoderamentos, rexistro electrónico, punto de acceso xeral electrónico da Administración e arquivo único electrónico, no relativo ás materias mencionadas.- Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público (LRXSP).

Directiva 2014/24/UE do Parlamento Europeo e do Consello.

Restante normativa de xeral aplicación ou concordante aplicación.

Consideracións Xurídicas

Incoase expediente administrativo coa finalidade de proceder á contratación da obra LOURENZÁ.- Mellora e acondicionamento de vías municipais: De Travesía da Mariña-Avda. Mondoñedo, Avda. Calvo Sotelo, Rúa Secretario Luís Iglesias – Carlos Peregrín Otero, Maderne e



Veiga de Santo Adrao. O proxecto técnico da obra está redactado pola Arquitecta municipal, Dona Marta Sánchez Seivane e foi supervisado, tecnicamente, aos efectos do artigo 235 da LCSP, polo Servizo de Expropiacións e Control de Proxectos, segundo informe de data 26/11/2018.

Esta contratación baséase na base 18, apartado 5, das bases do plan único 2018, aprobadas polo Pleno desta entidade en sesión ordinaria de data 27 de febreiro de 2018, publicadas no BOP nº 51 de 03 de marzo de 2018.

Consta no expediente convenio interadministrativo de cooperación asinado o 09 de abril de 2019, entre o Concello de Lourenzá e a Deputación de Lugo, aprobado pola Xunta de Goberno o 05-04-2019, non que se articulan as obrigas das partes en relación con esta licitación.

Na cláusula 1.7 do PCAP, en relación co convenio interadministrativo de referencia, aplicando entre outros o artigo 31 da LCSP, explicitase a actividade administrativa despregada pola Deputación Provincial na fase de licitación e adxudicación. A formalización do contrato corresponde ao Concello de Lourenzá, que desenvolverá as prerrogativas propias da administración contratante, na fase de execución deste contrato administrativo de obras (art 188 e ss LCSP)

A prestación obxecto do contrato non está excluído do ámbito de aplicación do LCSP xa que non figura en ningún dos supostos recollidos na sección segunda do capítulo I do título preliminar, como negocios e contratos excluídos.

Ao contrato élle de aplicación a LCSP, xa que tanto a Deputación provincial de Lugo como o Concello de Lourenzá, son das entidades recollidas no seu artigo 3.1.a.

Trátase dun contrato administrativo de obras, recollido no artigo 13 LCSP, que establece: “Son contratos de obras aqueles que teñen por obxecto a realización dunha obra ou a execución de algún dos traballos enumerados no Anexo I ou a realización por calquera medio dunha obra que responda ás necesidades especificadas pola entidade do sector público contratante. Ademais destas prestacións, o contrato poderá comprender, no seu caso, a redacción do correspondente proxecto. (...) Por «obra» entenderase o resultado dun conxunto de traballos de construción ou de enxeñaría

civil, destinado a cumprir por si mesmo unha función económica ou técnica, que teña por obxecto un ben inmovible”.

Recóllese na cláusula primeira do prego de cláusulas administrativas, que se trata dun contrato administrativo, en aplicación do artigo 25 da LCSP, de obras, conforme á definición transcrita do artigo 13 da LCSP.

Os pregos de condicións elaborados para disciplinar a licitación e o contrato recollen as esixencias legais sinaladas e adáptase á normativa aplicable. Recolle, con carácter xeral, os aspectos que son de contido obrigatorio, segundo o disposto no artigo 122 da LCSP, en relación co punto 3 do artigo 67 do RXLCAP, salvo os que non son procedentes tendo en conta a modalidade de contrato elixida.

Efectuase contratación electrónica de acordo coa disposición adicional decimo sexta e concordantes da LCSP.

O prezo do contrato enténdese adecuado para o seu efectivo cumprimento, e a estimación do mesmo é correcta xa que no proxecto redactado existe un apartado dedicado a xustificación de prezos, xunto con informe específico da autora do proxecto.

O contrato adjudicarase mediante tramitación ordinaria, procedemento aberto (con pluralidade de criterios de adjudicación), de acordo co establecido nos artigos 116.4.a) e 131.2 da LCSP como procedemento ordinario de adjudicación, nos termos do artigo 131 da citada lei, consonte aos principios de igualdade, transparencia e libre competencia, recollidos no artigo 132 da LCSP e de conformidade coa aplicación dos criterios que se detallan para a determinación da mellor oferta e de acordo cos artigos 145 e 146 da LCSP.

Motívase a elección do procedemento e sistema indicados, en atención a forma ordinaria que a estes efectos establece o artigo 131 da LCSP. En consideración ó indicado, así como en cumprimento do disposto polos artigos 145 e 146 da LCSP, os criterios obxectivos de adjudicación reflíctense debidamente puntuados, na cláusula 12ª do prego de cláusulas administrativas.

O presente contrato non está suxeito a regulación harmonizada, segundo o estipulado no artigo 20 do LCSP, desenvolto, nas contías pola Orde HFP/1298/2017, do 26 de decembro, pola que se publican os límites dos distintos tipos de contratos a efectos da contratación do sector público a partir do 1 de xaneiro de 2018.

Doutra banda, de conformidade co establecido no artigo 44 LCSP este contrato de obras, non é susceptible de recurso especial en materia de contratación ao ter un valor estimado inferior aos tres millóns de euros, polo que procedería a interposición dos recursos ordinarios previstos na Lei 39/2015, do 1 de outubro.

Tendo en conta o previsto no artigo 99 da LCSP e dado que a natureza e obxecto do contrato o permite, non se prevé a realización independente de cada unha das súas partes mediante a división en lotes. A xustificación da non división en lotes consta na memoria xustificativa incorporada ao expediente.

Para financiar as obrigas que se deriven da presente contratación existe, segundo o plan (plan único de cooperación 2018), aprobado, financiación, coa distribución que figura, por anualidades:

ACHEGA DEPUTACIÓN	PARTIDA	ACHEGA CONCELLO	PARTIDA	TOTAL
98.522,42€	1531 76255	28.981,03€	450.619	127.503,45€
	1531 76201			

Consta no expediente certificado da Secretaría do Concello de Lourenzá, relativo á consignación de crédito para este investimento, para o importe da achega municipal, na partida 450.619.

En calquera caso, a disposición adicional terceira da LCSP, permite que a adxudicación desta licitación quede sometida á condición suspensiva da efectiva consolidación dos recursos que financian esta contratación procedentes do Concello de Lourenzá.

En canto ás necesidades administrativas e a idoneidade do obxecto contractual e das prestacións a satisfacer debe estarse ao proxecto técnico identificado na cabeceira e redactado pola Arquitecta municipal do Concello de Lourenzá, xunto con informe específico emitido ao efecto, que forma parte do expediente.

En relación co establecido no artigo 102 da LCSP recóllese no proxecto técnico e en informe específico que o prezo do contrato axustase a prezos de mercado e adecuados para o seu efectivo cumprimento.

Incorpórase igualmente ao expediente documento da proxectista sobre costes directos e indirectos.

Lembrar a aplicación das obrigas de publicidade e de remisión de información ao Tribunal de Contas e ao Rexistro de Contratos do Sector Público previstas nos artigos 63, 335 e 346 da LCSP, respectivamente.

Aos efectos do establecido no artigo 29 da LCSP recóllese no proxecto técnico un prazo de execución de 6 meses, sen prexuízo dos sistemas de suspensión e prórrogas de prazos de execución establecidos polo ordenamento xurídico. Neste caso o prazo de duración do contrato coincide co prazo de execución.

Na acta de reformulo previo, estendida con data 05/02/2019, reflexase que se comprobou a realidade xeométrica da mesma, a dispoñibilidade dos terreos precisos para a súa normal execución e a de cantos supostos figuran no proxecto aprobado e son básicos para a celebración do contrato destas obras unha vez adxudicadas polos trámites correspondentes.

Consta no expediente, certificado da Secretaría do Concello de Lourenzá, referente á dispoñibilidade dos bens e dereitos afectados polas obras.

De acordo co establecido na lexislación vixente, a aprobación do prego de cláusulas administrativas particulares debe ir precedida dos informes de Secretaría ou, no seu caso, do titular do órgano que teña atribuída a función de asesoramento xurídico da Corporación e da Intervención.



Neste caso a Secretaría conforma o presente informe consonte ao establecido no artigo 3.4 do RD 128/2018 do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional.

O órgano de contratación, que actúa en nome da Administración Pública da Deputación Provincial de Lugo, é a Xunta de Goberno no que se refire á aprobación do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, e de Prescricións Técnicas, así como para aprobación do gasto, e adjudicación, nos termos do artigo 59 apartados 8 e 12 do ROD (Regulamento Orgánico da Deputación Provincial, publicado no BOP de 10 de marzo de 2011): aplicable de acordo coa circular de Secretaría Xeral en funcións de data 2 de novembro de 2018, como consecuencia do acordo da conversión do acto administrativo adoptado en sesión plenaria do 26 de xuño de 2018 polo que se presta aprobación ao Regulamento Orgánico publicado no BOP nº 170 do 26 de xullo de 2018; nos restantes actos procedementais o órgano competente será o Sr. Presidente da Deputación Provincial.

En canto á formalización e execución do contrato será o Concello de Lourenzá quen leva a cabo estes trámites e actividades administrativas, ao igual que o pagamento das certificacións e facturas correspondentes. Esta previsión nace das bases do Plan único 2018 (BOP 03/03/18), o convenio interadministrativo de cooperación asinado o 09/04/2019 (referido nos antecedentes) e artigo 31 da LCSP e restantes disposicións de xeral e concordante aplicación.

Visto así mesmo a conformidade da Secretaria Xeral desta Deputación, propono que pola Xunta de Goberno se adopten os seguintes acordos:

**1º.-** Aprobar inicialmente o prego de cláusulas administrativas particulares e o proxecto técnico relativo á contratación das obras de: LOURENZÁ.- Mellora e acondicionamento de vías municipais: De Travesía da Mariña-Avda. Mondoñedo, Avda. Calvo Sotelo, Rúa Secretario Luís Iglesias- Carlos Peregrín Otero, Maderne e Veiga de Santo Adrao, con informe de supervisión favorable, sometelo a información pública por espazo de 15 días, tras os cales, sin reclamacións, entenderase definitivamente aprobado, e sin que dito trámite paralice ou suspenda o procedemento.

2º.- Aprobar o expediente de contratación e o procedemento de adxudicación aplicable ao presente contrato, que é o procedemento aberto, regulado polos artigos 156 a 158, da LCSP, de acordo cos principios de igualdade e transparencia recollidos no artigo 131 da citada Lei, coa publicidade establecida nos artigos 63, 135 e concordantes da propia LCSP.

3º.- Aprobar o gasto por importe de 127.503,45 €, dos cales 22.128,70 € corresponden ao IVE (21%)”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**5.- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN, SE PROCEDE, DO CONTRATO PARA EXECUTAR PRESTACIÓNS REFERENTES A IMPLANTACIÓN DUN SISTEMA DE INFORMACIÓN E SINALIZACIÓN TURÍSTICA INTELIXENTE PARA A PROVINCIA DE LUGO, E REDACCIÓN DUN PLAN DE SINALIZACIÓN TURÍSTICA INTELIXENTE DO CASCO HISTÓRICO DE LUGO E O SUMINISTRO E INSTALACIÓN DE SINAIS INTELIXENTES NO CENTRO HISTÓRICO DE LUGO.**

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe do servizo de Contratación e Fomento de data 25 de abril do 2019, no que se recollen as seguintes antecedentes e consideracións.

“Antecedentes

Informe relativo a necesidade da contratación.

Orde de inicio do expediente de contratación.

Informe de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito.





Informe relativo á xustificación da vinculación entre si das diferentes prestacións a contratar.

Informe de desagregación de custes.

Prego +de prescricións técnicas.

Informe do Servizo de Novas Tecnoloxías.

Acordo da Xunta de Goberno de 21-12-2018 relativo á aprobación do texto do Convenio a subscribir entre a Deputación de Lugo e o Concello de Lugo.

Prego de cláusulas administrativas particulares.

Memoria xustificativa.

Acordo da Xunta de Goberno de data 31-12-2018, polo que se aproba o expediente de contratación e o gasto proposto.

Anuncio de licitación publicado no Perfil do Contratante da Deputación Provincial de Lugo (Xunta de Goberno) aloxado na Plataforma de Contratos do Sector Público.

Minuta da acta da Mesa de Contratación, reunida en acto público con data 15-02-2019 para a calificación da documentación administrativa (sobres “A”) presentada, e a apertura da documentación contida nos sobres “B” relativos aos criterios non avaliados automaticamente mediante fórmulas matemáticas (Sobres B).

Informe do Servizo de Turismo, en relación aos criterios non avaliados automaticamente mediante fórmulas matemáticas.

Minuta da acta da Mesa de Contratación, reunida en acto público con data 01-03-2019, para dar conta do informe do Servizo de Turismo, en relación aos criterios non avaliados

automaticamente mediante fórmulas matemáticas e a apertura dos sobres relativos aos criterios de adxudicación avaliábel automaticamente mediante fórmulas matemáticas (Sobres C).

Certificación dos acordos da Mesa de Contratación, reunida en acto público con datas 15-02-2019 e 01-03-2019.

Resolución da Presidencia da Deputación de Lugo de data 29-03-2019, efectuando o trámite previsto no artigo 150.2 da LCSP.

Documentación aportada pola U.T.E. SISMOTUR SL-GIROD SL no trámite anterior.

#### Lexislación aplicable

-Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspón ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante LCSP)

-Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RXLC).

-Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007 de outubro, de Contratos do Sector Público

-Directiva 2014/24/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 26 de febreiro de 2014 , sobre contratación pública

-Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases do réxime local (LRBRL).

-Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).

-Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALG).

-Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. (LPAC).

-Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público (LRXSP)

-Directiva 2014/23/UE do Parlamento Europeo e do Consello.

-Restante normativa de xeral e concordante aplicación.



#### Consideracións xurídicas

Incoase expediente administrativo coa finalidade de proceder a contratación dos servizos para a implantación dun sistema de información e sinalización turística intelixente para a provincia de Lugo, a redacción dun plan de sinalización turística intelixente do casco histórico de Lugo e o subministro e instalación de sinais intelixentes no centro histórico de Lugo.

O obxecto do contrato non está excluído do ámbito de aplicación do LCSP xa que non figura en ningún dos supostos recollidos no seu art. 4 e 11, como negocios xurídicos excluídos.

Ao contrato élle de aplicación o LCSP, xa que a Excm. Deputación provincial de Lugo, é unha das entidades recollidas no seu artigo 3.1.a.

Recóllese na cláusula primeira do prego de cláusulas administrativas, que se trata dun contrato administrativo, en aplicación do artigo 25 da LCSP.

A contratación a realizar cualifícase como contrato mixto, se ben tratarase como contrato de servizos xa que o peso económico dos servizos é superior ao das subministracións, de conformidade co establecido no artigo 18 da LCSP, en relación cos artigos 17 e 16 do mencionado texto legal, onde se sinala que “son contratos de servizos aqueles cuxo obxecto son prestacións de facer consistentes no desenvolvemento dunha actividade ou dirixidas a obtención de un resultado, distinto de unha obra ou un subministro” (art. 17), tendo tamén esta consideración de contratos de servizos os contratos de adquisición de programas de ordenador desenvolvidos a medida (art. 16).

Consta no expediente Informe do Servizo de Turismo, no que se indica, en cumprimento do previsto no artigo 34.2 da LCSP que as prestacións obxecto do contrato que se pretende realizar atópanse directamente vinculadas entre si e manteñen relacións de complementariedade que esixen a súa consideración e tratamento como unha unidade funcional dirixida á satisfacción dunha determinada necesidade ou á consecución dun fin institucional propio da entidade contratante (art. 34.2 da Lei 9/2017 de contratos do sector público). No mesmo informe determínase o carácter da prestación principal (servizos), aos efectos de establecer as normas que rexerán a adxudicación da presente contratación.

Os pregos de condicións elaborados para disciplinar a licitación e o contrato recolle as esixencias legais sinaladas e adáptase á normativa aplicable. Recolle, con carácter xeral, os aspectos que son de contido obrigatorio, segundo o disposto no artigo 122 da LCSP, en relación co punto 7 do artigo 67 do RXLCAP, salvo os que non son procedentes tendo en conta a modalidade de contrato elixida.

O contrato adjudicarase mediante tramitación ordinaria, procedemento aberto (con pluralidade de criterios de adjudicación), de acordo co establecido nos artigos 116.4.a) e 131.2 da LCSP como procedemento ordinario de adjudicación, nos termos do artigo 131 da citada lei, de acordo cos principios de igualdade, transparencia e libre competencia recollidos no artigo 132 da LCSP e de conformidade coa aplicación dos criterios que se detallan no prego de cláusulas administrativas particulares para a determinación da mellor oferta con base á mellor relación calidade-prezo. Motívase a elección do procedemento e sistema indicados, en atención a forma ordinaria que a estes efectos establece o artigo 131 da LCSP. En consideración ao indicado, así como en cumprimento do disposto polos artigos 145 e 146 da LCSP, os criterios obxectivos de adjudicación reflíctense, debidamente puntuados, na cláusula 12ª do prego de cláusulas administrativas. A presente contratación non se atopa suxeita a regulación harmonizada dado o importe do mesma, consonte ao establecido no artigo 22 do LCSP, desenvolto, nas contías pola Orde HFP/1298/2017, do 26 de decembro, pola que se publican os límites dos distintos tipos de contratos a efectos da contratación do sector público a partir do 1 de xaneiro de 2018.

Motívase a non división por lotes do contrato en cumprimento do previsto no artigo 99.3 da LCSP e segundo consta no informe do Servizo de Turismo que obra no expediente, polo feito de que “(...) dada a natureza das prestacións obxecto do contrato, para a coordinación das diferentes actuacións a realizar resulta imprescindible que a prestación se realice de xeito unitario por un mesmo licitador, xa que a división en lotes do obxecto do contrato dificultaría a súa correcta execución”.

Considerando que o anuncio de licitación foi publicado no perfil do contratante da Excm. Deputación Provincial de Lugo, aloxado na Plataforma de Contratos do Sector Público con data 24 de xaneiro do 2019.



Visto que de conformidad coa minuta acta da mesa de contratación de data 15 de febreiro do 2019, informouse aos asistentes que tal e como prevé o prego de cláusulas administrativas particulares reitor, na súa cláusula 11.1.3, non se esixe no presente procedemento de contratación a presentación electrónica das ofertas por parte dos licitadores ao concorrer un dos supostos previstos no apartado 3, letra d) da Disposición Adicional decimoquinta da LCSP. Na presente contratación, e tal e como se indica na cláusula 12 deste PCAP, para a valoración dos criterios de adxudicación avaliados mediante xuízo de valor relativos a: Adecuación do sistema de información turística proposto (criterio número 1) e Estética e funcionalidade da sinalización turística (criterio número 3), é preciso que os licitadores presenten modelos físicos que non poden ser transmitidos empregando medios electrónicos, o que xustifica que no presente procedemento, a presentación de ofertas e solicitudes de participación non se poida realizar a través de ditos medios.

Aclarada esta cuestión, pola Presidencia, dáse conta do informe da Xefa da Unidade do Rexistro Xeral, no que constan as empresas presentadas á contratación do referido expediente (segundo anuncio publicado con data 24 de xaneiro do 2019 no perfil do contratante da Excm. Deputación Provincial de Lugo-Xunta de Goberno-, aloxado na Plataforma de Contratos do Sector Público), e a data de presentación de ofertas. A mesa acorda por unanimidade aceptalo na súa integridade e en consecuencia facelo seu.

Tendo en conta que a única empresa concorrente presentou en tempo e forma a súa proposta, procédese á apertura e exame do sobre “A” presentado. Resultando que a documentación presentada pola Unión Temporal de empresas denominada U.T.E. SISMOTUR SL.GIROD SL. no sobre A, axústase en todo o seu contido aos requisitos esixidos no prego de cláusulas administrativas, a mesa de contratación acorda admitir a proposta presentada.

Acto seguido procédese á apertura do sobre B. En relación ao contido do mesmo, a cláusula 12 PCAP, sinala textualmente que debe conter as especificacións relativas aos criterios de adxudicación avaliados mediante xuízo de valor. A oferta técnica deberá axustarse ao esixido ao respecto no apartado número 3 do prego de prescricións técnicas e no apartado 12 do PCAP.

Tendo en conta que a documentación presentada pola U.T.E. SISMOTUR SL-GIROD SL., axústase en todo o seu contido aos requisitos esixidos no prego de cláusulas administrativas e no prego de prescricións técnicas, a Mesa de contratación, aos efectos de que se emita o correspondente informe de valoración dos criterios non avaliábeis automaticamente mediante fórmulas matemáticas, e, de conformidade co establecido na cláusula décimo sexta do prego de cláusulas administrativas, acorda facer entrega ao Servizo de Turismo da oferta técnica e as mostras achegadas pola mencionada Unión Temporal de Empresas.

Con data 1 de marzo do 2019, reúnese novamente a Mesa de Contratación, tal e como consta na acta que obra no expediente. Nese acto, dáse conta do informe técnico avaliador emitido polo Servizo de Turismo, no que se recolle de forma pormenorizada as puntuacións outorgadas a única empresa concorrente á presente licitación (U.T.E. SISMOTUR SL-GIROD SL), en relación aos criterios non avaliábeis automaticamente mediante fórmulas matemáticas, e a xustificación motivada das mesmas, informe que foi facilitado aos membros da mesa por correo electrónico antes da celebración da sesión. As puntuacións outorgadas á mencionada Unión Temporal de Empresas resúmense nas seguintes táboas, as cales figuran como Anexo de puntuacións ao mencionado informe do Servizo de Turismo:

#### Anexo de puntuacións- U.T.E. SISMOTUR SL-GIROD SL

##### Puntuacións correspondentes ao apartado 1:

a. Modelo de datos do sistema: tratamento da xerarquía, clasificación, nivel de zoom de visualización e xestión multidioma	2
b. Xestor de recursos: funcionalidades para a edición, actualización, xestión multiusuario e permisos.	4
c. Planificador de viaxes: facilidade de deseño, utilización de carpetas e subcarpetas, compartir viaxes online con redes sociais ou a través de tarxetas NFC	2
d. Xestor de Beacons: posibilidade de edición e actualización de contidos de beacons con servizo de cloud	4
e. App: deseño, funcionalidade, tratamento multidioma e posibilidade de conexión offline cos beacons	3
TOTAL	15

##### Puntuacións correspondentes ao apartado 2:

a. Metodoloxía para a elaboración do plan director de sinalización e o plan de localización e deseño	4
b. Sistema de planificación e xestión da sinalización: funcionalidades de inventario, visualización de itinerarios, consulta de destinos sinalizados e ferramentas de xestión	4
TOTAL	8



Puntuacións correspondentes ao apartado 3:

a. Estética dos equipamentos de sinalización propostos	0.5
b. Sistema construtivo, protección antivandálica, adaptabilidade para a súa actualización	1
c. Incorporación da tecnoloxía beacons e integración co sistema de información turística	6
TOTAL	7.5

Puntuación total apartado criterios non avaliados mediante fórmulas matemáticas: 30.5 puntos.

Tras a dación de conta do informe técnico avaliador emitido polo Servizo de Turismo, advírtese aos membros da mesa que no informe facilitado antes da celebración da sesión por correo electrónico observouse un erro material na páxina nº 15 do mesmo, xa que onde di “A puntuación total obtida na fase de valoración das ofertas técnicas en base a criterios subxectivos é de 32 puntos”, debe dicir “A puntuación total obtida na fase de valoración das ofertas técnicas en base a criterios subxectivos é de 30.5 puntos, dado que esta é a puntuación total que resulta do sumatorio das puntuacións outorgadas en cada un dos apartados, tal e como si figura correctamente no Anexo de puntuacións.

A mesa de contratación acorda por unanimidade, aceptar o contido do informe avaliador das propostas presentadas facéndoo seu e publicar no perfil do contratante da Deputación Provincial de Lugo (Xunta de Goberno) aloxado na plataforma de contratos do sector público, o texto íntegro do mesmo coa corrección sinalada no parágrafo anterior.

Unha vez dados a coñecer os resultados da valoración dos criterios subxectivos, procédese á apertura do sobre C presentado pola única empresa concorrente á presente licitación (U.T.E. SISMOTUR S.L.-GIROD S.L.), relativo aos criterios de adjudicación avaliados automaticamente mediante fórmulas matemáticas cos seguintes resultados:

LICITADOR	Criterios cuantificables mediante a aplicación de fórmulas				
	Oferta económica	4. Maior prazo de garantía	5. Redución do prazo de execución		
	Oferta	Oferta	Fase 1	Fase 2	Fase 3
			Oferta	Oferta	Oferta
U.T.E. SISMOTUR SL-GIROD SL	117.847,94 € (sen IVE) 142.596,00 € (con IVE)	7 anos	30 días	40 días	100 días

LICITADOR	Criterios cuantificables mediante a aplicación de fórmulas			
	6. Experiencia do equipo de traballo		7. Fomento da contratación indefinida	
	Enxeñeiro industrial	Xeógrafo ou Técnico especialista en GIS	Nº traballadores na empresa	Nº traballadores indefinidos
	Oferta	Oferta		
U.T.E. SISMOTUR SL-GIROD SL	23 anos	23 anos	48 (Señales Girod S.L.)	25 (Señales Girod S.L.)
			4 (Sismotur S.L.)	4 (Sismotur S.L.)
			Total U.T.E.: 52	Total U.T.E.: 29

Tras a apertura, realízase un breve receso para que polo Servizo de Contratación e Fomento, se proceda en primeiro termo, a comprobar que ningunha das proposicións presenta valores anormais ou desproporcionadas en relación ao criterio prezo, e, en caso afirmativo, se realice á valoración total das ofertas presentadas mediante a aplicación dos criterios de adjudicación avaliados automaticamente mediante fórmulas matemáticas a través da ferramenta informática Excel (folla de cálculo).

Compróbase en primeiro termo, antes de proceder ao o cálculo dos criterios de adjudicación avaliados automaticamente mediante fórmulas matemáticas, que de conformidade co previsto na cláusula 13 do prego de cláusulas administrativas particulares, ningunha das proposicións presenta valores anormais ou desproporcionadas en relación ao criterio prezo (oferta económica). A este respecto, a cláusula 13 do PCAP no seu apartado 1 sinala que “En aplicación do establecido no artigo 149.2 da LCSP, será considerado que, en principio, é desproporcionada ou anormal, en relación co artigo 85 do RD 1098/2001 de 12 de outubro, toda oferta económica que estea dentro dos supostos seguintes:

Cando, concorrendo un só licitador, sexa inferior ao presuposto base de licitación en máis de 25 unidades porcentuais. (...)”

O presuposto base de licitación da presente contratación é de 170.000,00 € (IVE engadido). O 25% de dita cantidade é 42.500,00 €, de tal modo que ao concorrer unicamente un licitador á presente contratación, a oferta económica presentada pola U.T.E. SISMOTUR S.L.- GIROD S.L. será considerada que, en principio, é desproporcionada ou anormal no caso de que a mesma sexa





inferior a 127.500,00 € (IVE engadido). Tendo en conta o anterior e considerando que a oferta económica presentada pola mencionada U.T.E. é de 142.596,00 € (IVE engadido) e polo tanto, non inferior en máis de 25 unidades porcentuais ao presuposto base de licitación, conclúese que a mesma non se atopa incurso en presunción de anormalidade de acordo co previsto no 149.2 da LCSP, en relación co artigo 85 do RD 1098/2001 do 12 de outubro.

Realizada esta comprobación procédese a aplicación das fórmulas obténdose os seguintes resultados:

LICITADOR	CRITERIOS CUANTIFICABLES MEDIANTE A APLICACIÓN DE FÓRMULAS									
	Oferta económica (sen IVE)		4. Maior prazo de garantía		5. Redución do prazo de execución					
	Oferta	Puntos	Oferta	Puntos	Fase 1		Fase 2		Fase 3	
					Oferta	Puntos	Oferta	Puntos	Oferta	Puntos
U.T.E. SISMOTUR SL-GIROD SL	117.847,94 €	40,00	7 anos	2,00	30	1,00	40	1,00	100	1,00

LICITADOR	CRITERIOS CUANTIFICABLES MEDIANTE A APLICACIÓN DE FÓRMULAS						
	6. Experiencia do equipo de traballo				7. Fomento da contratación indefinida		
	Enxeñeiro industrial		Xeógrafo ou Técnico especialista en GIS		Nº traballadores na empresa	Nº traballadores indefinidos	Puntos <sup>1</sup>
	Oferta	Puntos	Oferta	Puntos			
U.T.E. SISMOTUR SL-GIROD SL	23	6,50	23	6,50	52	29	2,00

Da suma das puntuacións acadadas polo único licitador concorrente á presente contratación nos criterios non avaliados automaticamente mediante fórmulas matemáticas e nos criterios avaliados automaticamente mediante fórmulas matemáticas obtéñense os seguintes resultados:

TÁBOA RESUMO PUNTUACIÓNS FINAIS EXP0045MI(SE)18-ABO			
LICITADOR	PUNTUACIÓN SOBRE "B"	PUNTUACIÓN SOBRE "C"	PUNTUACIÓN TOTAL (SOBRE B+SOBREC)
U.T.E. SISMOTUR SL-GIROD SL	0,50 puntos	60,00 puntos	90,50 puntos

<sup>1</sup> Aos efectos da valoración do criterio nº7, "Fomento da contratación indefinida", considérase que, ao tratarse dunha U.T.E., tanto o nº de traballadores na empresa como o nº de traballadores indefinidos resulta do sumatorio dos traballadores que cada empresa integrante da unión temporal declara ter contratados en tales circunstancias.

A mesa de contratación, acorda, por unanimidade, publicar o resultado da valoración total do proceso no perfil do contratante da Deputación Provincial de Lugo (Xunta de Goberno) aloxado na plataforma de contratos do sector público e elevar ao órgano de contratación a seguinte Proposta de Resolución:

Clasificar aos licitadores admitidos atendendo ao seguinte orde de importancia e ponderación:

Nº ORDE	LICITADOR	PUNTUACIÓN ACADADA
1	U.T.E. SISMOTUR SL-GIROD SL	90,50 puntos

Requirir á U.T.E. SISMOTUR SL-GIROD SL, para que, dentro do prazo de dez días hábiles, presente a documentación á que se refiren os artigos 150.2 e 153.4 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público e que se recolle na cláusula décimo sétima do prego de cláusulas administrativas.

O Sr. Presidente da Excm. Deputación de Lugo aceptou a proposta feita pola mesa de contratación con 1 de marzo do 2019, e, consecuentemente, con data 29 de marzo do 2019, resolveu requirir á U.T.E. SISMOTUR SL-GIROD SL, para que, dentro do prazo de dez días hábiles, presente a documentación á que se refiren os artigos 150.2 e 153.4 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público e que se recolle na cláusula décimo sétima do prego de cláusulas administrativas. En base á amentada resolución, o Servizo de Contratación e Fomento cursou o pertinente requirimento, na data do 1 de abril do 2019.

De conformidade co prego de cláusulas administrativas, os artigos 61.1 e 61.2 da LCSP, e, en virtude das competencias atribuídas pola disposición adicional segunda do mesmo texto legal, o órgano de contratación que actúa en nome da Deputación provincial de Lugo, é a Xunta de Goberno no que se refire á aprobación do Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares, e de Prescricións Técnicas, así como para aprobación do gasto, a adxudicación, a interpretación, modificación e resolución do contrato, nos termos do artigo 59 apartados 8 e 12 do ROD



(Reglamento Orgánico da Deputación Provincial, publicado no BOP de 10 de marzo de 2011): aplicable de acordo coa circular de Secretaría Xeral en funcións de data 2 de novembro de 2018, como consecuencia do acordo da conversión do acto administrativo adoptado en sesión plenaria do 26 de xuño de 2018 polo que se presta aprobación ao Regulamento Orgánico publicado no BOP nº 170 do 26 de xullo de 2018; nos restantes actos procedimentais o órgano competente será o Sr. Presidente da Deputación Provincial.”

Polo que vai dito e en base ao mesmo, tendo en conta que á U.T.E. SISMOTUR SL-GIROD SL, aportou a documentación administrativa requirida dentro dos prazos outorgados ao efecto, considerando o prazo de emenda previsto na cláusula 17 do PCAP e o establecido no artigo 150.2 da LCSP, propónse, que pola Xunta de Goberno, se adopte o seguinte acordo:

**1º.-** Adxudicar a contratación dos servizos para a implantación dun sistema de información e sinalización turística intelixente para a provincia de Lugo, a redacción dun plan de sinalización turística intelixente do casco histórico de Lugo e o subministro e instalación de sinais intelixentes no centro histórico de Lugo, a favor da U.T.E. SISMOTUR SL-GIROD SL.

O prazo de duración/execución do contrato resultante da licitación de acordo coa oferta presentada pola adxudicataria será de 100 días naturais de acordo coa seguinte programación:

- Fase 1( Implantación dun sistema de información turística global para a provincia de Lugo) : 30 días naturais.
- Fase 2 (Redacción do plan de sinalización turística intelixente do centro histórico de Lugo): 40 días naturais.
- Fase 3 (Subministración e instalación de sinais intelixentes no centro histórico de Lugo): 100 días naturais.

Estes prazos comezarán a contar, desde o día seguinte no que se proceda á sinatura da acta de inicio das prestacións obxecto da presente contratación, ou no seu defecto, desde o día seguinte á formalización do correspondente contrato. Non se prevén prórrogas.

O prazo de garantía das prestacións obxecto do contrato de acordo co previsto no prego de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas así como da oferta presentada pola adxudicataria é o seguinte:

- 1 ano para os traballos a realizar na Fase 1
- 3 meses para os traballos a realizar na Fase 2
- 7 anos para as subministracións e instalacións a realizar na Fase 3

O contrato adxudícase por importe de 117.847,94 € euros aos que se engadirán 24.748,06 euros en concepto de IVE, o que ascende a un total de 142.596,00 € (con IVE). O pagamento do prezo do contrato, realizarase en tres fases temporais distintas contra factura e polo importe que se indica a continuación:

- Abono do 20 %, coa implantación do sistema de información turística para a provincia de Lugo.
- Abono do 40 %, coa redacción do plan de sinalización turística intelixente do centro histórico de Lugo.
- Abono do restante 40 %, coa subministración e instalación de sinalización intelixente no centro histórico de Lugo.

Constitúen condicións especiais de execución ás que se lles atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do artigo 211.f da LCSP, en cumprimento do artigo 202, ambos da LCSP, e polo tanto terán esta condición, as obrigas recollidas na cláusula 22.2 do prego de cláusulas administrativas particulares, coas melloras dimanantes da oferta presentada pola adxudicataria. O incumprimento destas condicións especiais de execución, cualificadas como obrigas contractuais esenciais constitúe causa de resolución contractual.

Constitúen condicións especiais de execución cuxo incumprimento permitirá aplicar as penalidades impostas polo órgano de contratación, ás recollidas na cláusula 22.3 do prego de cláusulas administrativas particulares.



2º.- Publicar no perfil do contratante da Deputación de Lugo (Xunta de Goberno) e notificar aos licitadores, a adxudicación de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 da LCSP

3º.- Instar, de conformidade co disposto no artigo 153 da LCSP, á formalización en documento administrativo da presente contratación, na data que a Administración contratante sinala na notificación da adxudicación, e que terá lugar unha vez transcorrido o prazo de 15 días hábiles a contar desde a remisión da notificación da adxudicación ao licitador, sen que se houbera interposto recurso que leve aparelhada a suspensión da formalización”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

## **6.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE CONVENIOS, E MODIFICACIÓNS DE CONVENIOS DE COLABORACIÓN CON DISTINTAS ENTIDADES E CONCELLOS.**

*Sexta modificación ao Convenio de colaboración entre esta Excma. Deputación Provincial e o concello de Vicedo (O), coa finalidade común de colaborar na adaptación do Centro de Día e mobiliario.*

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento, de data 24 de abril de 2019, no que literalmente establécese canto segue:

“Sexta modificación ao convenio de colaboración entre esta Excma. Deputación Provincial e o concello de Vicedo (O), coa finalidade común de colaborar na adaptación Centro de Día e mobiliario.

En relación co asunto de referencia procede emitir o seguinte informe:

Antecedentes de feito:

A Deputación mediante acordo adoptado pola Xunta de Goberno, en sesión celebrada con data 06 de outubro de 2015, prestou aprobación ao convenio de colaboración entre a Excm. Deputación Provincial de Lugo e o concello de Vicedo (O), coa finalidade común de realizar os seguintes investimentos:

INVESTIMENTO: Adaptación Centro de día e mobiliario	ORZAMENTO
Fondos achegados pola Deputación	374.544,05 €
Fondos propios do concello	19.712,84 €
TOTAL	394.256,89 €

O investimento consiste na adaptación do Centro de día e mobiliario, concretamente no equipamento e mobiliario, reforma do sótano e primeiro andar da Casa do Mar de Vicedo para o Centro de día, e na reforma do segundo andar da Casa do Mar de Vicedo para oficinas.

Dito convenio de colaboración, na súa cláusula cuarta, apartado B (Xustificación) establecía:

“Unha vez finalice a actuación prevista e contemplada neste convenio o concello de Vicedo (O) deberá xustificar a execución do investimento e en todo caso, como máximo antes do día 31 de maio de 2016, no que se refire á xustificación da anualidade 2015, antes do día 31 de maio de 2017 para a xustificación da anualidade 2016 e antes do día 31 de maio de 2018 para xustificar a anualidade 2017. (...)”.

O Alcalde do Concello de Vicedo (O) D. José Jesús Novo Martínez, solicitou unha ampliación de prazo ou prórroga para a xustificación dos investimentos contemplados no convenio para a anualidade 2015, por mor da demora na entrega dos informes sectoriais doutras administracións públicas.

A Xunta de Goberno, en sesión ordinaria celebrada o 15 de abril de 2016 aprobou a modificación ao convenio de colaboración entre a Excm. Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Vicedo (O), coa finalidade común de colaborar na adaptación Centro de Día e



mobiliario, de tal xeito que a xustificación do investimento para a anualidade 2015 quedou fixada na data límite do día 31 de xullo de 2016.

Dita modificación do convenio de colaboración formalizouse o 18 de abril de 2016.

O 5 de abril de 2018, o Alcalde do Concello de Vicedo (O) solicitou unha segunda modificación do convenio de colaboración asinado entre a Excm. Deputación Provincial de Lugo e o Concello do Vicedo, a día 6 de outubro de 2015, e modificado a día 18 de abril de 2016, coa finalidade común de colaborar na adaptación de Centro de Día e Mobiliario, de forma que o prazo de execución e xustificación correspondente á anualidade de 2017 quedase fixado, como como mínimo, ata a día 30 de setembro de 2018.

A Xunta de Goberno, en sesión ordinaria celebrada o 25 de maio de 2018 aprobou a segunda modificación ao convenio de colaboración entre a Excm. Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Vicedo (O), coa finalidade común de colaborar na adaptación Centro de Día e mobiliario, de tal xeito que o prazo de execución e xustificación correspondente á anualidade de 2017 quedou fixado na data do 30 de setembro de 2018.

Dita segunda modificación do convenio de colaboración formalizouse o 3 de xullo de 2018.

O 24 de setembro de 2018 o Alcalde-Presidente do Concello do Vicedo solicitou unha terceira modificación do convenio de colaboración asinado entre a Excm. Deputación Provincial de Lugo e o Concello do Vicedo, o día 6 de outubro de 2015, e modificado nas datas do 18 de abril de 2016, 3 de xullo de 2018 e 10 de outubro de 2018, coa finalidade común de colaborar na adaptación de Centro de Día e Mobiliario, de forma que o prazo de execución e xustificación correspondente á anualidade de 2017 quedase fixado, na data do 31 de outubro de 2018.

A Xunta de Goberno, en sesión ordinaria celebrada o 28 de setembro de 2018 aprobou a terceira modificación ao convenio de colaboración entre a Excm. Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Vicedo (O), coa finalidade común de colaborar na Adaptación Centro de Día e Mobiliario, de tal xeito que o prazo de execución e xustificación correspondente á anualidade de 2017 quedou fixado na data do 31 de outubro de 2018.

Dita terceira modificación do convenio de colaboración formalizouse o 10 de outubro de 2018.

O 25 de outubro de 2018 o Alcalde-Presidente do Concello do Vicedo solicitou unha cuarta modificación do convenio de colaboración asinado entre a Excma. Deputación Provincial de Lugo e o Concello do Vicedo, o día 6 de outubro de 2015, e modificado nas datas do 18 de abril de 2016, 3 de xullo de 2018 e 10 de outubro de 2018, coa finalidade común de colaborar na adaptación de Centro de Día e Mobiliario, de forma que o do prazo de execución e xustificación correspondente á anualidade de 2017 quedase fixado, na data do 30 de novembro de 2018.

A Xunta de Goberno, en sesión ordinaria celebrada o 2 de novembro de 2018 aprobou a cuarta modificación ao convenio de colaboración entre a Excma. Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Vicedo (O), coa finalidade común de colaborar na Adaptación Centro de Día e Mobiliario, de tal xeito que o prazo de execución e xustificación correspondente á anualidade de 2017 quedou fixado na data do 30 de novembro de 2018.

Dita cuarta modificación do convenio de colaboración formalizouse o 29 de novembro de 2018.

O 28 de novembro de 2018 o Alcalde-Presidente do Concello do Vicedo solicitou unha quinta modificación do convenio de colaboración entre a Excma. Deputación Provincial de Lugo e o Concello do Vicedo, coa finalidade común de colaborar na Adaptación Centro de Día e Mobiliario, asinado o día 6 de outubro de 2015, e modificado nas datas do 18 de abril de 2016, 3 de xullo de 2018, 10 de outubro de 2018 e 29 de novembro de 2018, de tal forma que o prazo de execución e xustificación correspondente á anualidade de 2017 quedase fixado, na data do 30 de abril de 2019.

A Xunta de Goberno, en sesión ordinaria celebrada o 21 de decembro de 2018 aprobou a quinta modificación ao convenio de colaboración entre a Excma. Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Vicedo (O), coa finalidade común de colaborar na Adaptación Centro De Día E





Mobiliario, de tal xeito que o prazo de execución e xustificación correspondente á anualidade de 2017 quedou fixado na data do 30 de abril de 2019.

A amentada quinta modificación do convenio de colaboración formalizouse o 31 de decembro de 2018.

O 23 de abril de 2019 o Alcalde-Presidente do Concello do Vicedo achegou, a través de correo electrónico, ao Servizo de Contratación e Fomento escrito, que literalmente di:

“Que o Concello do Vicedo asinou un convenio de colaboración coa Excma. Deputación Provincial de Lugo o día 6 de outubro de 2015, modificado o día 18 de abril de 2016, o 3 de xullo, o 10 de outubro, 29 de novembro e o 31 de decembro de 2018 coa finalidade de colaborar na adaptación de Centro de Día e mobiliario.

Que a anualidade 2017 tiña que estar executada e xustificada o 30 de abril de 2019.

Que as novas portas subministradas pola empresa adjudicataria non compren coas esixencias requiridas pola dirección facultativa da obra.

Igualmente, obsérvanse deficiencias na execución e acabados da carpintería interior.

Solicita:

Que previos os trámites oportunos, se prorrogue o prazo de execución e xustificación correspondente á anualidade de 2017 do convenio de colaboración asinado pola Excma. Deputación Provincial de Lugo e o Concello do Vicedo, o día 6 de outubro de 2015, modificado o día 18 de abril de 2016, o 3 de xullo, o 10 de outubro, 29 de novembro e o 31 de decembro de 2018 coa finalidade común de colaborar na adaptación de Centro de Día e Mobiliario, ata o día 30 de xuño de 2019.”

Consideracións:

O concello de Vicedo (O) é unha entidade local básica, con personalidade xurídica e plena capacidade para o cumprimento dos seus fins, no seu labor de procura dunha mellora na calidade de vida dos cidadáns, promove actividades e presta servizos públicos que contribúen a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal, exercendo as competencias que lle atribúe como propias o artigo 25 da Lei de Bases de Réxime Local.

De acordo co establecido no artigo 36 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora de Bases de Réxime Local unha competencia propia da Deputación é a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito. No mesmo senso se pronuncia o artigo 109 da Lei de Administración Local de Galicia, ao sinalar que é competencia propia da Deputación, en calquera caso, en xeral, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia, subliñando que as competencias propias das Deputacións son ademais das atribuídas polas leis do Estado, as asignadas no mesmo concepto polas leis das Comunidades Autónomas (artigo 36.1 LBRL na súa vixente redacción). Este é o caso da Lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da Administración Local de Galicia, o establecer no seu artigo 118 que compete ás Deputacións Provinciais rexer e administrar os intereses peculiares da provincia, creando, conservando e mellorando os servizos cuxo obxecto sexa o fomento do mesmo.

A este respecto debe terse en conta ademais o artigo 57 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora de Bases de Réxime Local, cando sinala que a cooperación técnica, económica e administrativa entre a Administración Local e as Administracións do Estado e das CCAA, tanto en servizos locais como en outros asuntos de común interese, poderá ter lugar en todo caso mediante os consorcios e convenios administrativos que se subscriban, buscando a mellora na eficiencia da xestión pública, a eliminación das duplicidades administrativas e o cumprimento da lexislación de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira.

No seu punto terceiro, este artigo 57 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora de Bases de Réxime Local, ven a establecer certa preferencia pola cooperación por vía de convenio de colaboración antes que a constitución dun consorcio.



O artigo 30 do RDL 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, sinala:

“A Deputación cooperará á efectividade dos servizos municipais, preferentemente dos obrigatorios, aplicando a tal fin: a) medios económicos propios da mesma que se asignen; b) subvencións ou axudas financeiras que conceda o estado ou CCAA; c) (...)

A cooperación poderá ser total ou parcial, segundo aconsellen as circunstancias económicas dos Municipios interesados

(...)

As formas de cooperación serán: (...)

Subscrición de convenios administrativos (...).

O artigo 111 do Real Decreto Legislativo 781/86 de 18 de abril, do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, sinala que as Entidades Locais poderán concertar os contratos, pactos ou condicións que teñan por conveniente, sempre que non sexan contrarios ó interese público, ó ordenamento xurídico ou ós principios de boa administración, e deberán cumprilos a teor dos mesmos, sen prexuízo das prerrogativas establecidas, no seu caso, a favor de ditas entidades.

Establece o artigo 3.3 da Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da administración local que, en particular, “non se entenderá como o exercicio de novas competencias “a colaboración entre administracións, entendida como o traballo en común para a solución de aqueles problemas, tamén comúns, que puideran formularse mais aló do concreto reparto de competencias nos distintos sectores da acción pública, de acordo co artigo 193.2 de la Lei 5/1997”, da administración local de Galicia, que precisamente reflicte este e concepto.

Doutra banda, a STC 41/2016, de 3 de marzo, interpreta o artigo 25 da LBRL (reformado pola LRSAL), declarando que as Leis das comunidades autónomas poden atribuír competencias propias ao igual que outras leis estatais sectoriais; entre estas citar a Lei 13/2008, do 5 de decembro, de Servizos Sociais de Galicia (entre outros artigos 60 - 64bis).

Sinalar que o convenio de colaboración se configura como unha relación xurídica bilateral voluntaria, na que concorren competencias e fins comúns a todas as entidades, tanto pola causa, como polos fins e mesmo o seu ámbito, entendendo que a colaboración horizontal interadministrativa contribúe eficazmente á satisfacción dun fin público compartido, colaboración admitida tanto pola lexislación do réxime local, estatal e autonómico, como polo artigo 12.4 da Directiva 2014/24, UE, do Parlamento Europeo, segundo se recolle na guía de colaboración pública horizontal (público – público), da lexislación xurídica xeral da Xunta de Galicia, que se reforza no artigo 31 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, en canto regula a potestade de autoorganización e os sistemas de cooperación pública vertical e horizontal.

Nestes supostos de colaboración entre administracións públicas, con contraprestacións entre os beneficiarios ou que as administracións que os subscriben ostentan competencias compartidas de execución (ademais de actuar “conveniendi causa”), no é de aplicación a lexislación xeral de subvencións, sen prexuízo de tomala como marco de referencia na xustificación dos fondos, de conformidade co establecido no artigo 2.4 do RD 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o RXLS e demais normativa de concordante aplicación. Na Comunidade Autónoma galega (aínda que non aplicable, en principio, ás entidades locais, artigo 1.3), o artigo 2.3 do Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, establece unha regulación semellante ó RXLS estatal.

Establece a Disposición Adicional Oitava da Lei 40/2015, do 1 de outubro do Réxime Xurídico do Sector Público, en relación coa adaptación dos convenios vixentes subscritos por calquera Administración Pública, que:

“Todos os convenios vixentes subscritos por calquera Administración Pública ou calquera dos seus organismos ou entidades vinculadas ou dependentes deberán adaptarse ao aquí previsto no prazo de tres anos a contar dende a entrada en vigor desta Lei”. Non obstante, este prazo non está vencido (02/10/2019).



Na actualidade o marco xurídico dos convenios establécese nos artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015 do 1 de outubro do Réxime Xurídico do Sector Público. En particular, no artigo 47 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, establécese a definición do que debe entenderse por convenio. Así:

“Son convenios os acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes ou as Universidades públicas entre si ou con suxeitos de dereito privado para un fin común.

(...)”.

O amentado artigo fai referencia, no seu punto segundo, á tipoloxía de convenios establecendo que:

“Os convenios que subscriban as Administracións Públicas, os organismos públicos e as entidades de dereito público vinculados ou dependentes e as universidades públicas, deberán corresponder a algún dos seguintes tipos:

Convenios interadministrativos, asinados entre dúas ou mais Administracións públicas, ou ben entre dous ou mais organismos públicos ou entidades de dereito público vinculados ou dependentes de distintas administracións públicas, e que poderán incluír a utilización de medios, servizos e recursos de outra Administración Pública, organismo público ou entidade de dereito público vinculado ou dependente, para o exercicio de competencias propias ou delegadas.

(...)

En canto ao contido do convenio, o artigo 49 de Lei 40/2015, sinala que “deberán incluír, polo menos:

(...)

Réxime de modificación do convenio. A falta de regulación expresa a modificación do contido do convenio requirirá o acordo unánime dos asinantes.

(...)

Precepto semellante a este, non se contemplaba na anterior lexislación; máis de concorrer vontade das partes asinantes deste Convenio para procurar a súa modificación, non debe existir impedimento, máxime se destacamos que, a modificación pretendida non altera os fundamentos técnicos e xurídico- administrativos do convenio preexistente e dos acordos que o sustentan; antes ben amosa que contribúe a corrixir a disfunción que se produce con ocasión da sobrevida imposibilidade de cumprimento do prazo de execución e xustificación da inversión correspondente á anualidade de 2017 establecido no convenio (modificado posteriormente en cinco ocasións)

O presente convenio ten natureza administrativa e quedaba excluído da lexislación de contratos en virtude do disposto no artigo 4.1.c) do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, que sinala que quedan excluídos do eido da citada lei: “os convenios de colaboración que desenvolva a Administración Xeral do Estado coas Entidades Xestoras da Seguridade Social, as Universidades Públicas, as Comunidades Autónomas, as Entidades Locais, organismos autónomos e restantes entidades públicas, ou os que celebren estes organismos e entidades entre si, salvo que, pola súa natureza, teñan a consideración de contratos suxeitos a esta lei”. Esta era a norma aplicable no momento da tramitación e aprobación daquel convenio. Na actualidade non lle é de aplicación a Lei de contratos do sector público á vista do disposto no artigo 6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspón ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014: “Quedan excluídos do ámbito da presente Lei os convenios, cuxo contido non este comprendido no dos contratos regulados nesta Lei ou en normas administrativas especiais celebrados entre si pola Administración Xeral do Estado, as Entidades Xestoras e os Servizos Comúns da Seguridade Social, as Universidades Públicas, as Comunidades Autónomas e as Cidades Autónomas de Ceuta e Melilla, as Entidades locais, as entidades con personalidade xurídico pública dependentes delas e as entidades con personalidade xurídico privada, sempre que, neste último caso, teñan a condición de poder adxudicador. A súa exclusión queda condicionada ao cumprimento das seguintes



condicións (...). Neste caso, cúmprense as condicións fixadas ao efecto polo parágrafo 1º deste artigo sexto (letras a, b, c) xa que as entidades intervincentes non teñen vocación de mercado (...), o convenio establece unha cooperación entre as entidades coa finalidade de garantir que os servizos públicos que lles incumben se presten de xeito que se acaden os obxectivos que teñen en común e, que o desenvolvemento da cooperación se guía unicamente por consideracións relacionadas co interese público. Ademais, no artigo 31.1 desta Lei, relativo á potestade de autoorganización e sistemas de cooperación pública vertical e horizontal, establécese que:

“As entidades pertencentes ao sector público poderán cooperar entre si dalgunha das seguintes formas, sen que o resultado desa cooperación poida calificarse de contractual:

(...) b) Mediante sistemas de cooperación horizontal entre entidades pertencentes ao sector público, previa celebración dos correspondentes convenios, nas condicións e cos límites que se establecen no apartado 1 do artigo 6. (...).”

Nestes supostos de relación interadministrativa de cooperación entre administracións públicas, con contraprestacións entre os beneficiarios ou que as administracións que os subscriben ostentan competencias compartidas de execución (ademais de actuar “conveniendi causa”), non é de aplicación a lexislación xeral de subvencións, sen prexuízo de tomala como marco de referencia na xustificación dos fondos, de conformidade co establecido no artigo 2.4 do RD 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o RXLS e demais normativa de concordante aplicación. Pode terse en conta na CCAA de Galicia, o artigo 2.3 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de subvencións de Galicia (Lei 9/2007), que aínda que non resulta aplicable ás EELL, pode tomarse como referencia.

A cláusula quinta do convenio de colaboración establece a súa vixencia, indicando que: “A vixencia do presente convenio comezará no momento da súa sinatura, con efectos económicos desde o 01 de xaneiro de 2015 e se manterá ata o día no que finalice o conxunto da actuación que é obxecto deste convenio de colaboración.” Tendo en conta que o conxunto da actuación aínda non finalizou, e que aínda non se aprobou a conta xustificativa, o convenio está vixente e non supera, xunto coas prórrogas o límite máximo dos catro anos de duración que establece o artigo 49 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, computado dende a data da súa

sinatura (06 de outubro de 2015). Vixente o convenio, non existen inconvenientes para modificar algunhas das súas determinacións mediante a vontade común das partes e sendo acorde a satisfacción do interese público, comportado para ambas entidades locais. Non pode superarse a duración de catro anos.

En canto ao órgano competente do ente provincial para a aprobación desta sexta modificación do convenio de colaboración, debemos ten en conta o seguinte:

A circular da Secretaría Xeral, de data 2 de novembro de 2018 di: “(...) o Regulamento Orgánico publicado no BOP núm.170 de 26 de xullo de 2018, deixa de ter a natureza administrativa de carácter xeral, e queda sen valor legal algún, de tal forma que recupera a súa vixencia, na súa integridade e a todos os efectos, o Regulamento Orgánico publicado no BOP núm. 56 de data 10 de marzo de 2011”. En consecuencia, o órgano competente para a aprobación do gasto, concesión desta subvención e aprobación do convenio no que se instrumenta, correspóndelle á Xunta de Goberno, en base ao establecido no artigo 59.b)18. do regulamento orgánico da Excma. Deputación Provincial (BOP, núm. 056 de data 10 de marzo de 2011), así como o establecido na base 24.4º das Bases de Execución do Orzamento provincial para o ano 2019, que recolle que o órgano competente é o Presidente a proposta do Delegado correspondente sempre que o seu importe sexa inferior a 15.000,00€ de xeito individual, e a Xunta de Goberno para importes individuais iguais ou superiores; xa que logo, o órgano competente é a Xunta de Goberno cando o importe individual sexa igual ou superior a 15.000,00€.

O clausulado do convenio de colaboración, obxecto de modificación, queda redactado da seguinte forma:

“Achegas e compromisos das partes.

(...)

O Concello de Vicedo (O) se compromete a:





En cumprimento do presente convenio de colaboración o concello de Vicedo (O) se compromete ao seguinte:

Executar os investimentos obxecto deste convenio na data límite do 30 de xuño de 2019.

Aportar para a execución do convenio un 5% sobre o custo total do investimento.

Aportar a Memoria valorada do investimento a executar.

Autorizar cantas inspeccións e comprobacións se determinen pola Deputación de Lugo.

Obter as autorizacións sectoriais que sexan requiridas e outorgar as autorizacións e licencias que sexan de competencia municipal.

Réxime Económico.

(...)

Xustificación.

“Unha vez finalice a actuación prevista e contemplada neste convenio o Concello de Vicedo (O) deberá xustificar a execución do investimento e en todo caso, como máximo o día 31 de xullo de 2016, no que se refire á xustificación da anualidade 2015, antes do día 31 de maio de 2017 para a xustificación da anualidade 2016 e o día 30 de xuño de 2019 para xustificar a anualidade 2017.

(...)”

As cláusulas restantes do convenio de referencia, en tanto non queden afectadas por esta sexta Addenda de Modificación, permanecerán invariables, acordando ambas partes, incorporar ao Convenio de Colaboración suscrito con data 6 de outubro de 2015, esta sexta addenda de

modificación, a cal se rexerá polas condicións estipuladas no convenio do que trae causa, formando parte integrante do mesmo.

En consecuencia, infórmase favorablemente:

A modificación das cláusulas terceira, apartado 3.2 e cuarta, letra B) do Convenio de Colaboración entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Vicedo (O), coa finalidade común de colaborar na adaptación de centro de día e mobiliario, suscrito o 6 de outubro de 2015, modificado nas datas do 18 de abril de 2016, 3 de xullo, 10 de outubro, 29 de novembro e 31 de decembro de 2018, en canto a establecer que a data límite de execución dos investimentos obxecto do convenio e a xustificación correspondente á anualidade 2017 se prorrogue ata o día 30 de xuño de 2019, nos termos da sexta modificación do convenio incorporada ao expediente e mantendo inalteradas o resto das cláusulas do Convenio de Colaboración de referencia.

Tal é o que procede informar ao respecto, con sometemento a calquera outro criterio mellor fundado.”

Por canto vai dito e, en base ao Informe do Servizo de Contratación e Fomento, elévase á Xunta de Goberno a proposta para a adopción do seguinte acordo:

Modificar as cláusulas terceira, apartado 3.2 e cuarta, letra B) do Convenio de Colaboración entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Vicedo (O), coa finalidade común de colaborar na adaptación de centro de día e mobiliario, suscrito o 6 de outubro de 2015, modificado nas datas do 18 de abril de 2016, 3 de xullo, 10 de outubro, 29 de novembro e 31 de decembro de 2018, en canto a establecer que a data límite de execución dos investimentos obxecto do convenio e a xustificación correspondente á anualidade 2017 se prorrogue ata o día 30 de xuño de 2019, nos termos da sexta modificación do convenio incorporada ao expediente e mantendo inalteradas o resto das cláusulas do Convenio de Colaboración de referencia”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.



**7.- PROPOSTA RELATIVA Á APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS BASES DE PARTICIPACIÓN, DO GASTO E DO MODELO DE PARTICIPACIÓN DA COPA DEPUTACIÓN DE LUGO DE PIRAGÜISMO ANO 2019.**

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado da Area de Innovación, Participación Cidadá, Mocidade e Deporte

“Visto o informe do Servizo de Deporte no que se reflicte que a presente Copa Deputación de piragüismo, de acordo co seu Regulamento, aprobado pola Federación Galega de Piragüismo (Asemblea xeral ordinaria 09-02-2019), estará aberta a todos os clubs de piragüismo e seccións de piragüismo de entidades deportivas da provincia de Lugo e que aos participantes á Área de Innovación, Participación Cidadá, Mocidade e Deporte aboaralles pola súa participación unha cantidade económica en concepto de premio.

Visto informe do Servizo de Contratación e de Secretaría Xeral.

Visto o informe da Intervención.

Polo anteriormente exposto, propono que pola Xunta de Goberno da Excma. Deputación Provincial se adopten os seguintes acordos:

**1º.-** Aprobar as bases de participación da Copa Deputación de Lugo de piragüismo, ano 2019.

**2º.-** Aprobar o gasto correspondente por un importe total 20.000,00 € (vinte mil euros).

**3º.-** Aprobar así mesmo, o modelo de participación da Federación Galega de Piragüismo”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

## **8.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.**

Non se presentan.

## **ASUNTOS DE URXENCIA**

Fóra da Orde do Día, e previa declaración de urxencia acordada por unanimidade dos membros presentes que representan a maioría absoluta dos integrantes da Xunta de Goberno, adoptouse o seguinte acordo:

### **Aprobación, se procede, de Plans de Seguridade e Saúde no Traballo.**

Vistos os Plans de Seguridade e Saúde das obras que se indican, presentados polos contratistas adxudicatarios, en cumprimento do disposto no artigo 7 do Real Decreto 1627/1997 do 24 de outubro, polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e de saúde nas obras de construción, e informes emitidos polos directores técnicos das obras e polos servizos técnicos desta Excma. Deputación Provincial; vistos os informes dos Servizos desta Deputación así como a proposta do Sr. Deputado Delegado da Área de Xestión Territorial, a Xunta de Goberno por unanimidade dos asistentes acorda:

**1º.-** Aprobar os Plans elaborados para a súa aplicación ás obras que se relacionan.

**2º.-** Comunicar esta aprobación ós directores técnicos e contratistas, para o seu cumprimento durante a execución das obras.

### **OBRAS CUXOS PLANS DE SEGURIDADE E SAÚDE SE APROBAN**

Obra: Rehabilitación firme en la carretera provincial LU-P-1109 “Dumpin (LU-113)-Cornide-Arcos (LU-115)”, P.K. 0+000 al 1+720 y LU-P-1107 “Castro (LU-115)-Rábade (N-VI)”, P.K. 0+000 al 3+900. CASTRO DE REI.

Contratista: Explotaciones Gallegas, S.L.



Obra: Rehabilitación firme LU-P-3401 “Aguías (LU-540A)-Muras e ramal a Igrexa do Burgo”, P.K. 0+045 al 1+040, P.K. 0+087 al 0+530 (ramal), LU-P-3404 “Casateita (LU-P-3403)-Escola de Paio”, P.K. 0+000 al 1+962, LU-P-3406 “Picheira (LU-540)-Irixoa – Balsa (LU-P-6502), P.k. 0+045 al 2+645 y LU-P-6502 “Vilalba (LU-118)-A Balsa-Chavín (LU-161), P.K. 24+309 al P.K. 26+725, P.K. 27+150 al 32+000. MURAS.

Contratista: Construcciones Isidro Otero, S.L.

Obra: Rehabilitación de firme LU-P-0801 “Begonte (N-VI)-Veigas de Baltar (LU-541)”, P.K. 0+000 al P.K. 2+875 (EXOO8OB-PERF17/19AB). BEGONTE.

Contratista: OVISA Pavimentos y Obras SLU.

#### **9.- ROGOS E PREGUNTAS REGULAMENTARIAMENTE FORMULADOS.**

Non se formulan polos señores Deputados.

E non habendo máis asuntos de que tratar, o Presidente levanta a sesión, sendo as once horas e trinta minutos do día de referencia, de todo o cal eu, a Secretaria, certifico.